



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 14/2018 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 20 DE DECEMBRO DE 2018

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- SOLICITUDES DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLE (I.B.I.) PARA O EXERCICIO 2019
I.2.- PLAN NORMATIVO DO CONCELLO DE NIGRÁN: TOMA EN CONSIDERACIÓN

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á RESOLUCIÓN N.º 2018002125 (DELEGACIÓN DE COMPETENCIA)
II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

- PSOE:

Alcalde-Presidente:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





Outros datos da sesión:

- *Data*: Xoves, 20 de decembro de 2018
- *Lugar de celebración*: Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión*: ordinario.
- *Convocatoria*: primeira
- *Hora de comezo*: 12:05; adiantada pola proximidade das festas de Nadal.
- *Hora de remate*: 13:40
- *Número legal de membros da Corporación*: 17
- *Número de membros asistentes*: 17

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- SOLICITUDES DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLE (I.B.I.) PARA O EJERCICIO 2019

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 12 de decembro de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

O artigo 74 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regula as Bonificacións Potestativas do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), establecendo no seu apartado 2.º quater:

“Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.”

Asimesmo, a Ordenanza Fiscal reguladora do IBI no Concello de Nigrán, establece no seu artigo 6.4):

“Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Aos efectos deste artigo, considérase que concorren actividades económicas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais, cando:

- O suxeito pasivo estea inscrito no Rexistro de Asociacións do Concello de Nigrán*
- No inmovible se realicen actividades culturais de acceso público*

Corresponde ao Pleno da Corporación, a facultade de declarar por maioría simple, a declaración de especial interese ou utilidade municipal e a revogación de dita declaración.

O interesado deberá solicitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal acompañada de Memoria xustificativa das actividades culturais que non estean restrinxidas exclusivamente a beneficiar aos seus asociados, subscrita por representante legal.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.”

Vistas as solicitudes formuladas polas entidades C.R.C. “O Torreiro” de Priegue (G36620722), Centro Cultural e Deportivo “Bolos da Carrasca” de Parada (G36648319), A.V.S.C. “A Unión” de San Pedro (G36770642), Asociación de Veciños “A Camoesa” de Camos (G36681989), Asociación Cultural “As Angustias” de Nigrán (G36755106) e AVCD “O Castro” de Chandebrito (G36730471), co fin de ser declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias culturais, e aos efectos de aplicación da bonificación do 95% da cota íntegra do imposto de bens inmoables (IBI), prevista no punto 4 do artigo 6 da Ordenanza Fiscal Reguladora do citado imposto.

Considerando que, en todas elas concorren as circunstancias previstas na Lei e na Ordenanza Fiscal para ser beneficiarias de dita bonificación,

Esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: *Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 07/12/2018, Refª T 235/18.*

SEGUNDO: *Declarar as citadas entidades de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais.*

TERCEIRO: *Aplicar a correspondente bonificación do 95% da cota íntegra do imposto de bens inmoables para o exercicio 2019, ós seguintes inmoables:*

ENTIDADE	INMOBLE	REFERENCIA CATASTRAL
C.R.C. “O Torreiro” (G36620722)	R/ Torreiro, 2. Priegue	6580010NG1667N0001FQ
C.C.D. “Bolos da Carrasca” (G36648319)	Praza da Carrasca, 21. Parada	7241905NG1674S0001EI e 54035A057007510001JJ
A.V.S.C. “A Unión” (G36770642)	R/ Manuel Lemos, 88. San Pedro	5839915NG1654S0001BM
A.V. “A Camoesa” (G36681989)	R/ San Roque. Camos	8473201NG1687S0001TJ
A.C. “As Angustias” (G36755106)	Cmño. das Angustias n.º 4	54035A037003200001JU





AVCD "O Castro" (G36730471)	R/do Torreiro nº 4. Chandebrito	54035A0120013300001JA
-----------------------------	------------------------------------	-----------------------

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Refírese ás solicitudes formuladas por asociacións veciñais. O que se propón é aplicarllas a bonificación á vista do labor que fan en prol do interese público municipal.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: O Alcalde fixo unhas declaracións á prensa sobre este asunto, que non son exactas. Fai referencia a unha normativa que contempla a exención, que non bonificación, e cita a Lei de mecenazgo. Tamén se refire á Lei de Facendas Locais en relación coas bonificacións, que quedan vinculadas a actividades económicas, como así se recolle tamén na ordenanza municipal. Desta última resulta que os inmobles correspondentes deben estar vinculados a actividades económicas. A falta de tal vinculación consta no informe do Interventor. Por outra parte, hai formas legais de apoio ás asociacións, como son as subvencións. A súa postura de abstención está xustificada. Os membros da Corporación están suxeitos a responsabilidades polos correspondentes acordos e o órgano Interventor pode formular a correspondente denuncia no ámbito correspondentes. Tamén se refire a outros aspectos do R.D. 242/2017 sobre os reparos da Intervención e as advertencias que ao seu amparo fai o Interventor no seu informe. Cando se vote hai que pensar nas consecuencias e pide que se reflexione antes de facelo.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Votarán a favor, aínda entendendo que non é a forma óptima de facelo. En contra do declarado na prensa polo Alcalde, a proposta non parte do goberno, senón de Nigrán Decide, e foi aprobada polo Pleno.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A ordenanza modificouse en 2016 e posteriormente en 2017 aprobouse a declaración para que as entidades se beneficiasen, e agora trátase de volver a decidir. O anterior goberno do PP saltouse en moitas ocasións os reparos do Interventor e agora ampárase neles. Trátase de favorecer ás entidades veciñais por unha razón de xustiza. O PP recorreu no seu momento a un convenio que tamén foi cuestionado pola Intervención. E este departamento tampouco propuxo ningunha fórmula xurídica máis axeitada, como cabía esperar. Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non dubida que as entidades teñan ben merecida esta declaración. O problema é que o que hai que declarar de interese son as actividades económicas que desenvolven e non ás entidades. Cabería reclamar aos corporativos que apoien o acordo as cantidades deixadas de percibir. Absterase, non porque non pense que non se deba axudar a estas entidades, senón porque a fórmula non é esta. Suxire que o Concello lle indemnice, vía convenio, polo uso que este fai deses inmobles. Ao final do informe da Intervención advírtese de que dará conta ao Tribunal de Contas e aos tribunais de xustiza. Entende que é procedente tal dación de conta.

Sr. García Pazos: Pensa que se deberon buscar outras fórmulas nestes últimos tres anos, por exemplo no ámbito das subvencións.

Sr. Alcalde-Presidente: Somete o asunto a votación.





Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.2.- PLAN NORMATIVO DO CONCELLO DE NIGRÁN: TOMA EN CONSIDERACIÓN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de decembro de 2018, ditamina favorablemente a seguinte proposta resultante da moción de Nigrán Decide e da emenda do grupo BNG:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I O artigo 132 da LPAC da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, referido á planificación normativa, indica no seu primeiro punto, que, anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. No seu punto 2 indicase que unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente.

II A Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, indica no seu artigo 72 que os Concellos aprobarán as correspondentes ordenanzas municipais de venda ambulante.

Nigrán carece de dita ordenanza, sen embargo, si existe un documento no que se determinan as zonas e as condicións nas que se poden realizar determinadas actividades de venda ambulante. Dito documento non é público.

III A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé a existencia dun regulamento orgánico nos Concellos, que deberá ser aprobado polo Pleno. Aínda que a súa aprobación non é obrigatoria, sí resulta aconsellable, na nosa opinión, como instrumento para completar a regulación contida na lexislación básica estatal e na autonómica, fundamentalmente en materia de organización e funcionamento.

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao Alcalde de Nigrán á elaboración do Plan Normativo do Concello de Nigrán para o ano 2019.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

2. Incluír no Plan normativo do Concello de Nigrán para o ano 2019 o Regulamento Orgánico Municipal e a Ordenanza Municipal prevista no artigo 72 da Lei de Comercio Interior de Galicia.

3. Publicar no Portal de Transparencia do Concello de Nigrán o Plan normativo para o ano 2019.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Explica a súa iniciativa que foi emendada na comisión polo BNG. Falta a de venda ambulante, a pesar do tempo que pasou desde que se reclamou a mesma, de xeito que se está utilizando un documento non publicado. Tamén carece o Concello de regulamento orgánico para regular aspectos non recollidos na normativa existente.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pregunta sobre a data na que debe estar aprobado o Plan

Sr. Cuevas Raposo: Pensa que este ano.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Opina que hai pouco tempo para a tramitación. Tamén se debería avaliar o grado de cumprimento das normas municipais que están en vigor. E habería que incluír as que xa están en trámite. Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O seu grupo ten reclamado a elaboración deste plan. É unha novidade e resulta dubidoso que as modificacións se teñan que incluír. Tamén é discutible cal é a data límite. Entende que o aprobalo en xaneiro non debería ser un obstáculo, nin tampouco o modificalo, se é o caso. Debería consultarse aos grupos e aos servizos municipais. Queren engadir dúas: normalización lingüística e sinalización en espazos públicos de actividades comerciais.

Sr. Fernández Comesaña: Non pasaría nada se se completase en xaneiro. A Administración ten que adaptarse aos tempos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á RESOLUCIÓN N.º 2018002125 (DELEGACIÓN DE COMPETENCIA)

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de novembro de 2018 (n.º 2018002011) e o 14 de decembro de 2018 (n.º 2018002201), ambos incluídos, entre elas a seguinte do 04-12-2018:

RESOLUCIÓN

Servizo: Tesourería
Expte. Nº: 2015/0325 e Contencioso – Administrativo P.A. 284/18
Asunto: Delegación de competencia

1º.- Na data 22/02/2017, o Concello de Nigrán practicou a liquidación nº 2017/472 (Recibo nº 2017/625), a nome de D. Abel Corredoira Barral, por importe de 1.435,96 €, en concepto de Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, pola transmisión do 50 % da propiedade da finca con Referencia Catastral nº 4660011NG1645N0001AT.

2º.- O interesado presentou recurso de reposición na data 23/03/2017, no que alega terse producido a prescripción do dereito do Concello a practicar tal liquidación. Dito recurso foi desestimado mediante Resolución de Alcaldía de data 16/05/2018.

3º.- Na data 20/07/2018, pola representación procesal de D. Abel Corredoira Barral, presentouse escrito de demanda formulando recurso contencioso-administrativo contra a citada resolución no que, entre outras consideracións, alégase que un dos firmantes do contrato privado de compra-venda asinado o 03/01/1995, faleceu na data 08/02/1996, polo que enténdese producido un dos supostos de feito contemplados no artigo 1.227 do Código Civil, que daría lugar á prescripción alegada.

Considerando que tal circunstancia podería por de manifesto a improcedencia de dita liquidación, e tendo en conta:

1º.- O establecido no artigo 219 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003 do 17 de decembro):

“1.- La Administración tributaria podrá revocar sus actos en beneficio de los interesados cuando se estime que infringen manifiestamente la ley, cuando circunstancias sobrevenidas que afecten a una situación jurídica particular pongan de manifiesto la improcedencia del acto dictado, o cuando en la tramitación del procedimiento se haya producido indefensión a los interesados.

(...)

3.- El procedimiento de revocación se iniciará siempre de oficio, y será competente para declararla el órgano que se determine reglamentariamente, que deberá ser distinto del órgano que dictó el acto.”

2º.- Que non existe neste Concello, disposición regulamentaria algunha que atribúa dita competencia a ningún órgano concreto,

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, RESOLVE:

PRIMEIRO: Outorgar unha delegación específica a favor da Primeira Tenente de Alcalde D^a Raquel Giráldez Armas, da competencia para tramitar e resolver o expediente de “Revocación” de actos en materia tributaria a que se refire este expediente, que comprende as facultades relativas á instrución do procedemento, emisión do acto administrativo que poña fin ó mesmo, e resolución do recurso de reposición que poida interpoñerse, no seu caso.





SEGUNDO: Determinar que a presente delegación produza efecto desde o día seguinte ó da data desta resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

1.1. En la Unidad de actuación número 9 de Vilameán, ya existe la licencia para la construcción de las viviendas previstas?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

1.2. Otra vez repetimos el tema de las placas. Se aprobó una moción para retirar las placas que había en lugares públicos. ¿Por que unas si y otras no?

Sr. Alcalde-Presidente: Estanse quitando todas. Se falta algunha é o momento de dicilo.

Sr. Valverde Pérez: Incluso la que originó el cambio fue la de aquí, porque había un representante político, por una causa judicial de la que quedó absuelto. Todavía existen placas de esa persona en el municipio.

1.3. Históricamente cuando el Partido Socialista de Nigrán ha tocado Dunas de Gaifar lo ha convertido en un desastre. Este año lo ha vuelto a hacer. Nos gustaría saber como está, a parte de abandonado.

Sr. Alcalde-Presidente: Pendente de sacar a nova concesión.

Sr. Valverde Pérez: ¿Se cobró algún tipo de liquidación? ¿Queda alguna liquidación pendiente? ¿Se ejecutó el aval que había sobre la concesión anterior?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei neste momento.

1.4. La Xunta de Galicia ha dado una subvención para una brigada contra incendios. ¿Dónde están actuando esas brigadas?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Existe un plan de actuación aprobado por la Consellería que es previo a la contratación de la brigada. Están actuando según ese plan enviado a la Consellería.

Sr. Valverde Pérez: ¿Ese plan puede incluir fincas privadas?

Sr. García Moreira: Si esas fincas privadas han sido requeridas para limpieza y no se han limpiado, subsidiariamente se han incluido en el plan de actuación.

1.5. En Porto do Molle se está construyendo una pista de atletismo. ¿Esa pista estará homologada para competir?





Sr. Alcalde-Presidente: A pista é para que entrenen e desfruten os veciños de Nigrán, non para facer o campionato de España, para iso haberá que buscar outras pistas.

Sr. Valverde Pérez: Entendo que non.

1.6. O Pleno pasado formulamos o tema de *Vive Nigrán S.L.* Dixo que contestaría. Tamén, pedíuselle por escrito e a día de hoxe non a recibimos. Creo que *Vive Nigrán 2019* xa se está publicitando. Gustaríanos saber se esa mesma empresa é a que organiza ese evento.

Sr. Alcalde-Presidente: A documentación non a teño. A autorización está asinada desde o día que chegou e debe estar no departamento correspondente.

2.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

2.1. Para la Concejala de Economía, Hacienda y Desarrollo Local: ¿Va a ser este el primer año desde hace muchísimos en que no se va a hacer una Comisión de Cuentas para aprobar la Cuenta General del año anterior?

D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Posiblemente.

2.2. Para el Concejal de Vías y Obras: ¿Que equipo de gobierno aprobó el proyecto de remodelación del entorno de la plaza pública de Parada? ¿Fue hace años? ¿Fue hace poco? ¿Fue su gobierno?

Sr. Alcalde-Presidente: Foi o noso goberno.

Sr. García Pazos: O proxecto está fechado en outubro de 2017. Ruego que no se le diga a los vecinos que se le ha parado la obra por defectos en un proyecto que había encargado el Partido Popular.

Sr. Alcalde-Presidente: Non se lle dixo a ninguén.

2.3. Para a Concelleira: ¿Se ha abonado el total de las obras facturadas de la obra del pabellón municipal?

Sra. Giráldez Armas: No.

2.4. Para el Alcalde: Nos ha dicho que vayamos a los departamentos a ver la información que pedimos y que usted firmó. Quiero recordarle que en un acta plenaria donde hablamos de la dificultad que teníamos de acceso a la información usted se comprometió a hacer un seguimiento de las peticiones para que la información nos fuese dada. Tiene tanta transcendencia que un Juez ahora mismo está investigando un presunto delito de obstrucción a la labor a los concejales en cuanto a su capacidad y deber constitucional de controlar a los órganos de gobierno. Le ruego que rectifique y que no sea una forma de actuar.

Sr. Alcalde-Presidente: Esa información chegoume o luns.





Sr. García Pazos: Me refiero a una de hace dos meses.

3.- D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:

3.1. Que se limpie la Plaza de Rosalía de Castro y que se reparen las baldosas que están levantadas.

3.2. La calle que transcurre por detrás de ese edificio se bachea de forma constante, pero se levanta rapidísimo. Echadle un vistazo.

3.3. En relación a Chandebrito, se hicieron unas obras para el alumbrado en la zona de la Iglesia, se quedaron paradas. ¿Se van a continuar este año?

Sr. Rial Sánchez: Se adjudica hoy o mañana la pavimentación y cuando se acabe con la pavimentación se colocarán las luminarias.

Sra. Rodríguez Rodríguez: Yo lo comento, porque en este momento con las lluvias de estos días las zanjas son bastante considerables. Ruego que en el momento que se inicien las obras, cosa que no se hizo en estas últimas, que se avise a los vecinos.

4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

4.1. Preguntei no Pleno pasado polas negociacións con Zona Franca e vostede díxome que non se estaba negociando a ampliación de Porto do Molle. Negociouse anteriormente?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa está contestada no outro Pleno, xa lle dixen que non había ningunha negociación.

4.2. Respecto ao impacto do parque empresarial de Porto do Molle, coñece o Concello o impacto real do parque empresarial de Porto do Molle no emprego da veciñanza de Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: No Concello non temos esas bases de datos, terá vostede que dirixirse ao INEM se as persoas que se contrataron estaban desempregadas, senón estaban no INEM tería vostede que dirixirse á Seguridade Social.

4.3. Organizou directamente ou indirectamente o Concello de Nigrán o festival *Vive Nigrán* no ano 2017?

Sr. Alcalde-Presidente: Si

4.4. E no ano 2018?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.





Sr. Cuevas Raposo: Tendo en conta que para estas actividades se cobraron entradas, cando se aprobou o prezo público que permitiu cobrar esas entradas?

Sr. Alcalde-Presidente: Non se aprobou.

Sr. Cuevas Raposo: Canto ingresou o Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Non houbo ingresos.

4.5. Organizou directamente ou indirectamente o Concello de Nigrán a actividade *Paint Party* no 2017?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

Sr. Cuevas Raposo: No 2018?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

Sr. Cuevas Raposo: Cando se aprobou o prezo público?

Sr. Alcalde-Presidente: Non se aprobou.

Sr. Cuevas Raposo: Canto ingresou o Concello por esas entradas?

Sr. Alcalde-Presidente: Non houbo ingresos.

4.6. Respecto á calibración do sonómetro, cal é a data da anterior calibración realizada ao 2 de outubro de 2018?

Sr. Alcalde-Presidente: O 24 de setembro de 2018.

4.7. Respecto á presentación do PXOM na Xunta de Galicia, cando se enviou o documento do PXOM á Dirección Xeral do Patrimonio e Cultura para que sexa informado?

Sr. Alcalde-Presidente: Non teño a data exacta, pero en setembro de 2018.

Sr. Cuevas Raposo: Creo lembrar que nas reunións que houbo, que eu fun ás de setembro, porque en outubro non estiveron, dicía proximamente.

4.8. Que día enviouse a Augas de Galicia?

Sr. Alcalde-Presidente: Non se enviou.

4.9. E a Portos de Galicia?

Sr. Alcalde-Presidente: Tampouco.

4.10. E á Axencia Galega de Infraestruturas?





Sr. Alcalde-Presidente: Tampouco.

4.11. E a Costas?

Sr. Alcalde-Presidente: Tampouco.

4.12. Que día se asinou o acordo da rescisión do contrato da cafetería de Dunas?

Sr. Alcalde-Presidente: Lle contestara que non se rescindira.

4.13. Felicitacións polas xestión polas que retiraron os valos publicitarios de Panxón.

4.14. Respecto á casa da rúa Francisca Lago cuxas condicións de salubridade están afectando á veciñanza da zona, que medidas tomou o seu goberno para eliminar esa situación?

Sr. Alcalde-Presidente: Non a tiña anotada.

4.15. Contratouse o plan de mobilidade?

Sr. García Moreira: Está pendente de contratar. O prego xa está realizado e a data máxima de contratación é abril do ano próximo.

4.16. Unha das cousas polas que se ia contratar o plan de mobilidade era para reforzar que se sacara o vial de Porto do Molle do PXOM.

4.17. Con respecto á rede Wifi, nun documento asinado por vostede, puña que chegado o momento da xustificación e detectado un erro de tramitación insubsanable, renunciábase á subvención. Cal era o erro insubsanable?

Sra. Giráldez Armas: Non é un erro, tecnicamente, pero legalmente era complicado levalo adiante. Era polo software, xa que se elixiu un que por prazo tiña mellor prezo coller 3 anos ou coller 5, que coller un. Desde Intervención consideraron que non era a forma legal para levalo a cabo.

Sr. Cuevas Raposo: Pode ser que o erro insubsanable fora que fixeron un contrato menor de 5 anos de duración, cando un contrato menor so ten un ano de duración como máximo?

Sra. Giráldez Armas: Non, porque realmente a obra para que se realice o contrato é a instalación desa wifi, e iba aparelado ao mantemento do software.

Sr. Cuevas Raposo: Un contrato de 5 anos é competencia do Pleno.

4.18. No anterior Pleno preguntara polo valo ilegal de Prado. Vostede dixo que estaba na APLU. Eu lle dixen que pensaba que non. Cando, de ser certa a resposta á pregunta formulada no último pleno, se enviou o expediente relativo ao valado ilegal de Prado á APLU?





Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei.

4.19. Dos títulos habilitantes para instalar un valado publicitario previstos na lei do solo de Galicia, cal é o título habilitante necesario para instalar un valado publicitario?

Sr. García Moreira: Unha comunicación previa.

4.20. O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece no seu artigo 97.7 que as preguntas formuladas por escrito con vinte catro horas de antelación, serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte.

No pasado pleno, eu formulei una serie de preguntas por escrito presentadas no rexistro o día 18 de novembro, 11 días antes da celebración do pleno.

Con posterioridade o día 27 de novembro de 2018, rexistrei 7 preguntas máis que segundo dixo vostede no pleno non lle chegaron.

Que non lle cheguen ao pleno as preguntas formuladas por escrito non é a primeira vez que sucede, o que leva a pensar ao noso grupo municipal, que existe un problema entre as canles de comunicación entre o rexistro e vostede.

En base ao anteriormente exposto, lle formulo as seguintes preguntas:

Cales son os motivos para que vostede non me contestara as preguntas formuladas por escrito o 18 de novembro de 2018?

Cal é o canle de comunicación existente no concello de Nigrán para os escritos dirixidos a vostede debidamente rexistrados no rexistro do Concello de Nigrán lle cheguen a vostede?

Cal é a razón pola que o día 29 de novembro de 2018 non lle chegara o escrito dirixido a vostede rexistrado o día 27 de novembro de 2018?

4.21. Eu entendín que se fixera unha modificación no SUD 11 de Porto do Molle, entón volvo a facer a pregunta:

Dado que no plan aprobado inicialmente o SUD número 11, Porto do Molle, tiña 28.063 m², entre superficie interior e adscrita, a interior eran 21.824 m², e agora no documento do PXOM enviado para ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio, o SUD número 11 Porto do Molle ten unha superficie total de 250.422,63 m²; ¿en base a que informe ou alegación decidiuse a substitución do SUD número 11, Porto do Molle existente no Plan aprobado inicialmente polo SUD número 11 Porto do Molle existente no documento do PXOM enviado para ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio?

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai modificación, son SUD diferentes.





Sr. Cuevas Raposo: Nesta pregunta non falo de modificación.

4.22. Solicitei o 13 de decembro diversa información relativa á rede wifi gratuita do Concello de Nigrán. Pasados os cinco días establecidos polo ROF para que se me facilitase, aínda non me facilitaron dita información. Cal é a razón para que non se me pase dita información?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu asino a autorización e segue os trámites administrativos. Terei que facerlle seguimento.

4.23. Asinou o Concello de Nigrán algún contrato coa empresa *Local Network Media S.L.*?

Sr. Alcalde-Presidente: Non me sona a empresa.

Sr. Cuevas Raposo: Podes conectarte á rede wifi sen aceptar as condicións, co que alguén está accedendo a datos sen que aceptaras as condicións. Unha vez que aceptas as condicións pon que o Concello de Nigrán, e en adiante establecemento, pon: “el usuario al acceder a la red acepta el tratamiento de sus datos. El usuario puede conectarse a la wifi gratuita a través de varias redes sociales, e-mails, o métodos similares que comportan de forma expresa y explícita la cesión de sus datos para que puedan ser incorporados a un fichero al que tendrá acceso el establecimiento. Sus datos pueden ser cedidos a terceros para los siguientes fines: los estrictamente necesarios para el mantenimiento de los equipos informáticos, bases de datos o similares, entre ellos BestFreeWifi, empresa proveedora del servicio Hotspot”.

O caso é que eu conecteime, e sáeme este pantallazo que di: “BestFreeWifi.com recibirá tu perfil público, fecha de nacimiento y dirección de correo electrónico”. Aquí, nas condicións pon que transmitiráselle a BestFreeWifi os datos necesarios para o mantemento dos equipos informáticos. Para que funcionen os equipos informáticos por que ten que saber a miña data de nacemento BestFreeWifi? Que relación contractual ten o Concello con BestFreeWifi.com?

Sra. Giráldez Armas: El Concello tiene firmado un contrato con la empresa 104 Cubes S.L. que es la que realmente ha instalado y ha realizado el servicio. Esta empresa tiene la forma de proveer el servicio a través de una plataforma y esa plataforma es BestFreeWifi. Entiendo que 104 Cubes S.L. ha tomado todas las medidas legales en cuanto a temas de protección de datos. Si es verdad, que estamos pendientes de que nos remita una información para comprobarlo. Si que es cierto que la ley de Protección de Datos es muy cuidadosa en este tema, pero los datos de acceso no son de protección alta. No se toman datos ni de orientación sexual, ni de temas sanitarios, ni temas religiosos, simplemente son un mail, que solo se toma en el caso de que entre validando a través de un e-mail y no se toma ningún otro dato. Lo hemos comprobado y no es obligatorio. Hemos exportado una lista de excel y en muy pocos casos se toma un dato de fecha de cumpleaños, que supongo porque lo han validado con Facebook, porque ya está incluido en la plataforma de Facebook, no es algo que nosotros solicitemos expresamente. Lo que comentas de que si no es así, que se esté validando la lectura de esas condiciones legales, si que eso considero que es un error de implantación, porque yo lo pregunté





y se estableci6 obrigatoriamente. Hay dos o tres cosas que est6n pendientes que nos confirme la empresa 104 Cubes y en cuanto las tengamos, si quieres, te respondemos por escrito.

Sr. Cuevas Raposo: Eu entendo que non cumpre a protecci6n de datos. Persoas coas que falei falan de moi graves problemas. Dinme que se est6n instalando cookies de rastreo para saber o teu perfil comercial. Estas cookies hai que autorizalas expresamente e non figura para nada no contrato. Ent6n vostedes eran coñecedores que a empresa esta de Badalona est6 arquivando todos os datos?

Sra. Gir6ldez Armas: Estase arquivando nunha base de datos mo escueta 6 que nos temos acceso a trav6s da plataforma. Arquivanse datos de se son homes ou mulleres, de onde son e a idade, para saber se a trav6s de turismo podemos ofertarlle as actividades m6is orientadas 6 xente xove ou outra doutra idade.

Sr. Cuevas Raposo: Pois como eu para facer isto aceptei que o Concello de Nigr6n me env6e comunicaci6ns comerciais, espero que as comunicaci6ns que mande o Concello non sexan terxiversadas como os comunicados que manda 6 prensa de vez en cando.

4.24. Est6 nomeado o instrutor do expediente de reclamaci6n patrimonial que se acordou iniciar no mes de novembro?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

4.25. Sa6u unha nova dun curso de xesti6n de almac6n que fala de que moitos deles xa comezaron a traballar ante de finalizar o mesmo. Das 30 persoas que realizaron o curso, cantas est6n traballando na actualidade?

Sra. Gir6ldez Armas: Con contrato xa cinco. Hai tres ou catro que recibiron oferta, pero non a consideraron adecuada.

4.26. Pide que regularicen os datos que te6nen de min.

5.- D. Antonio Fern6ndez Comesa6a, do grupo UCN:

A finais de ver6n se fixo o abastecemento de auga en Camos, na r6a Candosa, e quedou a zanza sen pavimentar, rogo que se faga.

6.- D. Xavier Rodr6guez Fern6ndez, do grupo BNG:

6.1. Quen 6 o instrutor do expediente de responsabilidade patrimonial ao Alcalde?

Sr. Alcalde-Presidente: A primeira Tenente de Alcalde.

6.2. O d6a 17 publicouse na sede electr6nica a xustificaci6n de investimentos de obras do plan provincial de obras e servizos, entre elas est6 a rehabilitaci6n da escola, parque e zona deportiva en Priegue, por importe de 73.895,45 euros. Est6 obra est6 entregada?





Sr. Alcalde-Presidente: Mañá.

Sr. Rodríguez Fernández: Está entón arranxado o tema de humidades e manchas das paredes?

6.3. Na Xunta de Goberno Local do 29.11.2018 propúxoselle ao Alcalde que decretara a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística aberto por diversas obras de conservación e mellora no peche, edificación auxiliar, sen título habilitante, na Rúa Rosalía de Castro Número 1, nesta casa que está fronte ao Concello. Cal foi a razón pola que caducou o expediente sen actuación ningunha?

Sr. García Moreira: Unha vez que se inician os RLU hai un ano para resolvelos, durante ese ano teñen que pasar informes técnicos de cara a validar se as obras son legalizables ou non e o alcance das mesmas. Moitas veces por motivos de carga de traballo, por temas puntuais, e incluso por unha instrución interna que existe aquí desde o ano 2008, hai unha prioridade á hora de tratar as obras dependendo de se a infracción é considerada moi grave ou menos grave. Con todo isto se trata o expediente, se da tempo a emitir o informe e a resolvelo no prazo dun ano se resolve, senón da tempo cadúcase, vólvese a iniciar de novo e continuase coa tramitación.

Sr. Rodríguez Fernández: Vaise incoar entón novo expediente de reposición da legalidade urbanística?

Sr. Alcalde-Presidente: Si é un RLU deberíase iniciar, aínda que os que estábamos na Xunta consideramos que era de escasa entidade.

6.4. O venres tivo lugar un Consello Escolar do CEIP Humberto Juanes no que acordaron trasladarche a problemática da instalación eléctrica do colexio. En agosto do 2017 un técnico da Consellería acompañado dun representante dunha empresa acudiu ao centro escolar para revisar a instalación co fin de acometer a súa reparación. Ocorriúselles vir ao Concello para localizar o cadro eléctrico co edificio de infantil e aquí indicóuselles que esa obra a iba acometer o Concello, co cal o técnico da Consellería, encantado da vida. Por que desde agosto de 2017 ata hoxe esa obra que se lles dixo que o Concello ía acometer non se ten feito?

Sr. Alcalde-Presidente: Porque os procesos de contratación son moi seguros, pero moi lentos.

Sr. Rodríguez Fernández: Iniciouse o proceso de contratación?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa está a empresa contratada. Tense que asinar o contrato e comezar posiblemente despois das vacacións.

6.5. Na planificación de contratos famosa do 2018 vexo que a redacción do PXOM ten previsto un importe de 300.000 euros. A que corresponde?





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Alcalde-Presidente: Púxose esa cantidade por se ao final non podía haber cesión e había que contratar unha empresa nova.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

